



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLE/2017/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	27 de outubro de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 20:04 ata as 21:40 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ



Concello de Cangas

76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

O Sr. Graña Graña pide que se retiren as pancartas colgadas polo BNG, pide que conste en acta a súa protesta.

O Sr. Alcalde di que sempre se permitiu a colocación de pancartas no pleno como se fixo por exemplo coa municipalización da auga e coma o PP tamén pode poñer a pancarta que considere.

O Sr. Sotelo Villar pregunta se os símbolos constitucionais que debe ter o Salón de plenos constan ou non.

O Sr. Alcalde pregunta que símbolo falta.

O Sr. Sotelo Villar di que el o ten que saber. Quere que conste en acta que non constan no Salón de plenos os símbolos legalmente esixidos.

#### Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 29 de setembro de 2017

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 20, En contra: 0, Abstencións:  
1, Ausentes: 0

O Concello Pleno, coa abstención do concelleiro Sr. Graña Graña (por non estar presente na sesión plenaria anterior) e os votos a favor do resto dos concelleiros presentes, acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada o 29 de setembro de 2017.

**Expediente 6724/2017. Dación de conta ao pleno das solicitudes de subvención aprobadas polo Concello e presentadas na Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao plan de**

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**obras e servizos (plan concellos) 2017.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentime  
nto

Dáse conta das solicitudes de subvención aprobadas polo concello e presentadas na Deputación provincial de Pontevedra con cargo ao plan de obras e servizos (plan concellos) 2017, que di:

*“Dación conta ao pleno das solicitudes de subvención aprobadas polo concello e presentadas na deputación provincial de pontevedra con cargo ao plan de obras e servizos (plan concellos) 2017.*

*Publicadas no BOP nº 249 de data do 30/12/2016, pola Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación das bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.*

*Recibido escrito da Deputación Provincial de Pontevedra no que fai constar que ao Concello de Cangas lle corresponde a cantidade de un millón oitenta e nove mil vinte e tres euros con vinte e oito céntimos (1.089.023,28€) e a ter en conta as porcentaxes para a liña 1, un 62,50 % mínimo, para a liña 2, un 15% máximo e para a liña 3, un 22,50 % de máximo.*

*O Concello de Cangas acorda por Xunta de Goberno Local con cargo ao Plan Concellos 2017:*

*Primeiro.- Aprobar e solicitar axuda para os seguintes proxectos:*

<i>Denominación do proxecto LIÑA 1</i>	<i>Importe total e importe proxecto e importe solicitado, incluído IVE</i>
<i>Documento técnico nova capa rodadura en vías municipais</i>	<i>220.789,31 € 220.789,31 €</i>
<i>Memoria valorada adquisición de rozadora de brazo con mando hidráulico e material de recambio para limpapraias.</i>	<i>21.767,90 € 21.767,90 €</i>
<i>Adquisición de vehículo eléctrico para servizo de mantemento de parques e xardíns públicos.</i>	<i>21.719,50 € 21.719,50 €</i>
<i>Rehabilitación da casa dos pobres, Darbo-Cangas.</i>	<i>53.837,59 € 53.837,59 €</i>
<i>Proxecto de reposición de servizos e pavimentación en rúa Buenos Aires.</i>	<i>57.863,03 € 57.863,03 €</i>
<i>Proxecto de restitución de escaleiras na subida á rúa Buenos Aires.</i>	<i>20.961,41 20.961,41</i>
<i>Urbanización rúa Rosalía de Castro.</i>	<i>36.905,17 36.905,17</i>
<i>Adecuación á normativa dos parques infantís do Concello de Cangas.</i>	<i>60.477,63 60.477,63</i>



Concello de Cangas

<i>Humanización rúas Baiona e Méndez Núñez.</i>	151.802,90 151.802,90
<i>Memoria valroada arranxos cuberta Praza de Abastos.</i>	43.197,00 € 43.197,00 €
<i>Ampliación de espazos de xogo en zonas de lecer.</i>	20.000,01 € 20.000,01 €
<i>Cinco mini puntos limpios nas parroquias de Cangas.</i>	20.000,00
<i>Denominación do proxecto LIÑA 2</i>	
<i>Gasto corrente novo-tratamento de residuos sólidos urbanos</i>	163.353,49 € 163.353,49 €
<i>Denominación do proxecto LIÑA 3</i>	
<i>Emprego para conservación de bens e servizos municipais</i>	338.368,05 € 196.364,66 €

*Segundo.- Asumir o compromiso de cumprir as condicións que se especifican nas bases reguladoras.*

*Terceiro.- Declarar que para os investimentos que se solicitan, non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.”*

O Pleno municipal queda enterado do acordado pola Xunta de Goberno Local en relación ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.

Intervencións:

**Sr. Millán Blanco:** pregunta por qué se trae a pleno esta dación de conta, si o motivo é porque é unha obriga legal?

**Sr. Alcalde:** di que polo que informaron os técnicos si é unha esixencia establecida pola Deputación.

**Sr. Millán Blanco:** pide que se lle informe se este é o momento de dar conta ou se debeu traer ao inicio do proceso, pide que se informe sobre a legalidade.

**Sr. Alcalde:** di que pedirá un informe de secretaría ao respecto.

**Sr. Millán Blanco:** pregunta sobre a partida referida á xestión de tratamento de residuos.

**Sr. Alcade:** pide que se trate este asunto en rogos e preguntas.

#### **Expediente 6661/2017. Proposta de Alcaldía en defensa do sistema público de pensións**

**Non hai acordo**

**Motivo:** Ampliar documentación

O Sr. Alcalde explica o contido da proposta e indica que retira a proposta para mellor estudo.

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



O Sr. Millán Blanco pregunta se se volverá a tratar na comisión informativa.

O Sr. Alcalde resposta que dependerá de se se mantén a mesma moción ou se se modifica

**Expediente 6656/2017. Moción Grupo Municipal do PP para mellora das pistas de atletismo**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.10.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 16.10.2017, relativa á mellora das pistas de atletismo, que é como segue:

*“O Grupo Municipal do PP de Cangas parécelle perfecto que se asine un convenio entre Concello e a Xunta de Galicia para reparar o pavimento das pistas de atletismo, pero na política ademais de titulares na prensa, algún deles repetitivo como no caso que nos ocupa, hai que facer xestión, mais cando as posibilidades do Concello son limitadas (Aínda que se houbera vontade política só con unha pequena parte do incremento da recadación do IBI se podería executar o proxecto de remodelación completo).*

*Todo isto como dicíamos está ben, pero para que non fagamos unha chapuza (Non é lóxico nunha mesma instalación deportiva deste tipo atopar 2-3 pavimentos diferentes) falta a implicación dunha "das patas mais importantes " en materia deportiva en dito convenio, "a colaboración da Deputación". Ademais neste caso non deberían ter problema, pois a afinidade política entre o goberno da Deputación e o do Concello é evidente. Sería a primeira infraestrutura deportiva que se mellore en Cangas sen a implicación da Deputación, o cal ao noso entender non deixa en bo lugar aos actuáís responsables do Concello, non sabemos se por falta de vontade política da Deputación ou por falta de capacidade de xestión dos responsables do Concello.*

*Por todo íso efectuamos a seguinte Proposta de Acordo :*

*O Pleno do Concello de Cangas, insta á Deputación Provincial a que dedique unha partida suficiente no seu orzamento, para que se poida executar en colaboración co Concello e Xunta a obra de substitución do actual pavimento das pistas de atletismo en Verín (Cangas) na súa totalidade.”*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Soliño Costas:** explica o contido da moción. Sinala que queren implicar á Deputación de Pontevedra para que as pistas non sexan parcheadas, senón totalmente arranxadas.

**Sr. Chillón Iglesias:** explica que a solicitude da moción é lóxica, se ben quere realizar un engadido. Expón a cronoloxía relativa ás pistas de atletismo desde o período 1995-99, en que o Sr. Sotelo Villar votou seis veces en contra de desenvolver o convenio que se asinara no período 1991-95 para a realización das devanditas obras.

Explica a actuación que se vai facer e cre acertado que se pretende unha reforma integral das



pistas. Di que apoiarán a moción co seguinte engadido:

*“Solicitar asimismo á Xunta de Galicia a consignación orzamentaria suficiente no ano 2018 para completar a renovación do pavimento nas pistas de atletismo de Cangas.”*

**Sr. Iglesias Santos:** di que votará a favor se se acorda instar ás tres administracións para que asuman conxuntamente os gastos necesarios para arranxar as pistas de atletismo de Romarigo.

**Sr. Sotelo Villar:** cre que o Sr. Chillón Iglesias fala moito para non dicir nada, consiera que é un mentiroso porque no ano 95-99 o goberno era do BNG e no ano 94 nas normas urbanísticas non se contemplaba o que indicou o Sr. Chillón. Sinala que asinou un convenio coa Xunta e a Deputación e que foi necesario facer unha modificación puntual porque o Concello non tiña os terreos e as pistas inauguráronse no ano 2003. Lembra que os vestiarios do Gatañal aínda os inauguraron o outro día despois de máis de dous anos, cando chegaron xa estaban case rematados.

Di que o PP non se vai opoñer a ningunha subvención que se lle outorgue a Cangas, aínda que logo o goberno municipal as perda.

Di que está de acordo co engadido.

**Sr. Chillón Iglesias:** Di que a xestión coa Xunta non foi nada fácil, se ben, reconece a boa disposición da Sra. Marta Míguez. Refírese tamén á intervención do Sr. Sotelo Villar e di que a súa exposición axústase ao que realmente aconteceu.

**Sr. Sotelo Villar** di que da historia hai que aprender. Sinala que as pistas de atletismo están en terreo rústico. Pide que o goberno se comprometa a incluír no orzamento de 2018 unha partida para as pistas de atletismo, sen prexuízo da participación tamén da Xunta e da Deputación. Di que votarán a favor.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada coa emenda engadida, quedando da seguinte maneira:

1.- *O Pleno do Concello de Cangas, insta á Deputación Provincial a que dedique unha partida suficiente no seu orzamento, para que se poida executar en colaboración co Concello e Xunta a obra de substitución do actual pavimento das pistas de atletismo en Verín (Cangas) na súa totalidade.*

2.- *Solicitar asimismo á Xunta de Galicia, a consignación orzamentaria suficiente no ano 2018 para completar a renovación do pavimento nas pistas de atletismo de Cangas.”*

**Expediente 6655/2017. Moción do Grupo Municipal do PP para posta en valor de tres petroglifos**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.10.2017.



Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 14.10.2017, relativa a Moción do Grupo Municipal PP para posta en valor de tres petroglifos que é como segue:

*“Moitos científicos consideran os petroglifos como os antecedentes máis cercanos á escritura. En xeral os motivos que máis se repiten na península do Morrazo, como no resto de Galicia son as cazoletas de diversos tamaños e as combinacións circulares. Os petroglifos de cérvidos e cabalos (zoomorfos ) e antropomorfos, e as combinacións de ambos motivos son máis escasos. O seu significado supónse máxico-relixioso relacionados con temas como a caza, fertilidade ...*

*Por sorte en Cangas temos un amplo abano de petroglifos destacando o do Outeiro do Río Loureiro en Aldán, Moguelos e Monte do Facho en Donón, pero sobre todo Laxe da Chan, Piñal do Rei e As Abelaires en Darbo. Este último un enorme petroglifo que a Mancomunidade a instancias de Patrimonio puxo en valor a principios do 2000, e que lamentablemente é moitas veces un almacén de lixo. O de Laxe da Chan foi musealizado en colaboración coa Comunidade de Montes de Darbo, Deputación e Concello faí uns anos, pero na actualidade precisa dun mínimo mantemento, e o do Piñal do Rei tamén importante pola presenza de composicións circulares, zoomorfos e antropomorfos que parecen representar escenas de caza está no máis puro abandono.*

*Por todo iso efectuamos as seguintes Propostas de acordo:*

- 1.-Elaborar un Plan de Actuación para a posta en valor e musealización nunha primeira fase destes tres últimos petroglifos.*
- 2.-Plantexar no orzamento do ano 2018 unha partida (Ben sexa a través de fondos propios ou de achegas de outras Administracións) para executar dito Plan de Actuación .*
- 3.-Instar ao Goberno Municipal a efectuar anualmente un mínimo mantemento destes xacementos arqueolóxicos que impida o seu progresivo deterioro."*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Soliño Costas:** explica o contido da moción e dá lectura aos puntos de acordo:

**Sr. Mera Herbello:** di que está de acordo coa moción, pero considera que no referido aos pedimentos que formula a moción as competencias son da Xunta de Galicia, se ben na práctica parece que o mantemento destes petroglifos corresponde á asociacións e concellos. Pide matizar os acordos propostos na moción para implicar á Xunta de Galicia.

**Sr. Iglesias Santos:** non entende o debate sobre as competencias da Xunta cando o concello asume moitas outras veces competencias que non lle corresponden. Se é cuestión de cartos haberá que buscar achegas doutras administracións. Cre que o importante é que o acordo que se adopte sexa xestionado.

**Sr. Soliño Costas:** di que o importante é poñer en valor estes xacementos porque é unha riqueza do Concello de Cangas e todos teñen que arrimar o hombro.

**Sr. Mera Herbello:** insiste en que está de acordo coa moción e indica que por exemplo no caso



do facho de Donón nos últimos anos só intervú o concello.

Cre que o Concello ten que mover todo o que poida a xestión da posta en valor destes xacementos e instar a que as demais administracións tamén participen.

**Sr. Soliño Costas:** pide que efectivamente se xestione e se vexan resultados. Lembra respecto do facho a participación da Deputación e da Xunta.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada cos engadidos incluídos, quedando o acordo do seguinte xeito:

- 1.-Elaborar un Plan de Actuación para a posta en valor e musealización nunha primeira fase destes tres últimos petroglifos, pola Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Concello.*
- 2.-Prever no orzamento do ano 2018 unha partida (Ben sexa a través de fondos propios ou de achegas doutras Administracións) para executar dito Plan de Actuación.*
- 3.-Instar ao Goberno Municipal, ás autoridades autonómicas e á Deputación Provincial, a efectuar anualmente un mínimo mantemento destes xacementos arqueolóxicos que impida o seu progresivo deterioro."*

#### **Expediente 6653/2017. Moción do PP sobre modificación da ordenanza fiscal reguladora do IBI**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 9, En contra: 11,  
Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.10.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Moción do Grupo Municipal PP, do día 10.10.2017, relativa a modificación da ordenanza fiscal reguladora do IBI, que é como segue:

*"O Pleno do Concello de Cangas, en sesión extraordinaria urxente de data 20 de decembro de 2012, acordou aprobar expresamente, con carácter definitivo, unha vez resoltas as reclamacións presentadas, a redacción final do texto da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre Bens Inmобles. Dentro do artigo 1.3, consta o seguinte: "Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto durante os sete períodos impositivos seguintes ao remate do último exercicio en que se aplique a bonificación obrigatoria regulada no artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, para as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas de acordo co establecido na normativa da Comunidade Autónoma, nas mesmas condicións, de xeito que o período total bonificado se estende a un total de dez exercicios Esta bonificación concederase a pedimento do beneficiario, surtindo efectos a partires do exercicio seguinte ao da solicitude. En todo caso, perderase o dereito á bonificación en caso de que a vivenda perda a cualificación de protección oficial ou equiparable."*





*En base ao anterior, as persoas propietarias das vivendas de Protección oficial sitas na Choupana, puideron beneficiarse desta bonificación ata o ano 2016, xa que a entrega das mesmas se realizou no ano 2005. Rematando o período de bonificación no ano 2016.*

*No artigo 73 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que versa sobre as bonificacións obligatorias do IBI, consta no seu segundo parágrafo o seguinte: “Terán dereito a unha bonificación do 50 por cento na cota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á normativa da respectiva comunidade autónoma. Dita bonificación se concederá a pedimento do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración daquela e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite. Os concellos poderán establecer unha bonificación de ata o 50 por cento na cota íntegra do imposto, aplicable aos citados inmobles unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior. A ordenanza fiscal determinará a duración e a contía anual desta bonificación. ”Considerando que este beneficio fiscal se viña practicando nestes anos atrás, e polo tanto, non crearía ningún prexuízo a recadación do imposto, e polo que irnos solicitar que se retome a aplicación de dita dedución. proposta de acordo:*

*Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES no seu artigo 1.3.*

*Onde consta: “Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto durante os sete períodos impositivos seguintes ao remate do último exercicio en que se aplique a bonificación obrigatoria regulada no artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004...”*

*Debe constar: “Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto ata que a vivenda perda a cualificación de protección oficial ou equiparable...”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Millán Blanco:** explica o obxecto da moción e dá lectura aos puntos de acordo.

**Sr. Iglesias Santos:** lembra que na comisión informativa xa se indicou que o seu grupo votaría a favor previos os informes técnicos preceptivos. Pide unha revisión completa dos valores catastrais para que haxa unha adecuación á realidade na valoración das vivendas. Bota en falta o informe xurídico e económico, polo que non poderá votar a favor.

**Sr. Alcalde:** indica que as vivendas teñen unha bonificación legal por un período de 10 anos, o cal é un período moi longo no que a situación dos propietarios pode variar. Sinala que o goberno está a traballar nunha proposta de redución do IBI de carácter social, redución progresiva que se está a tramitar e que se traerá ao vindeiro pleno cos informes pertinentes, polo que votarán en contra.

**Sr. Millán Blanco:** lembra que se a vivenda de protección oficial é vendida perderá a cualificación. Sinala que non será posible establecer bonificacións do IBI en base ás circunstancias persoais, xa que é un imposto de carácter real e as bonificacións legalmente permitidas non se basean en circunstancias persoais.

**Sr. Pazos Varela:** di que se está a traballar e a estudar a modificación do IBI e se traerá ao vindeiro pleno.



Concello de Cangas

**Sr. Millán Blanco:** repite que a situación económica das familias non determina a cota do IBI nin as bonificacións. Indica que se está a falar dunhas 120 vivendas coma tipo medio de cota entre 130 e 150 euros ao ano, polo que unha bonificación do 50% será uns 8.000 euros para o concello.

Pide que se prorrogue unha bonificación que xa existe.

**Sr. Pazos Varela:** indica que non se vota en contra da bonificación, senón da moción, porque se está xa a tramitar a revisión do IBI.

**Sr. Millán Blanco:** cre que o Sr. Alcalde non quere manter o que hai, senón que pretende reducir os beneficios fiscais.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE")

**Votos en contra:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).

**Abstencións:** 1 do concelleiro presente do PsdeG-PSOE.

O Concello Pleno, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta presentada

Incidencias:

Cando son as 21:04 faise un receso para consensuar as mocións de urxencia.

Cando son as 21:12 reanúdase a sesión.

#### **MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS NA DEFENSA DUNHA POLÍTICA AGROFORESTAL AO SERVIZO DA XENTE (URXENCIA)**

Dáse conta da moción conxunta que literalmente di:

*“MOCIÓN QUE PRESENTAN OS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CANGAS SOBRE A OLA DE INCENDIOS QUE ASOLOU GALICIA NESTE MES DE OUTUBRO.*

*Ao abeiro do disposto no artigo 46.2 e) da lei 7/1985, do 2 de abril, os grupos que conforman a corporación municipal no concello de Cangas, formulan para a súa aprobación a seguinte MOCION en base ao seguinte:*

#### **NA DEFENSA DUNHA POLÍTICA AGROFORESTAL AO SERVIZO DA XENTE**

*Exposición de motivos*

*Galicia con miles de hectáreas queimadas e lamentando catro vítimas mortais -dúas mulleres perderon a vida en Nigrán, un home faleceu en Carballeda de Avia e outro home*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



*morreu en Vigo -acaba de padecer a maior catástrofe natural que ten sufrido a súa superficie forestal nos últimos anos.*

*A vaga de lumes estendeuse de norte a sur e de este a oeste do país: San Cristovo de Cea, Baños de Molgas, Chandrexa de Queixa, Montederramo, Manzaneda, Carballeda de Avia, e ata 23 concellos en Ourense; a reserva da biosfera de Os Ancares, Cervantes, Monforte, Pantón e Friol e ata 30 concellos en Lugo; Pontearreas, Pazos de Borbén, Redondela, Salceda de Caselas, Nigrán, Vigo, Pazos de Borbén, Salvaterra, Soutomaior, Mondariz, Gondomar, Baiona e As Neves, Pontearreas, Ponte Caldelas ou Mos entre outros en Pontevedra; así como Boiro, Neda ou Negreira como exemplos de lumes na provincia de A Coruña.*

*O problema dos incendios en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de incendios no monte galego. O descoido e abandono das labores de coidado do monte supón un elemento de grande perigo, e un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e mantemento concienciado en colaboración coas Comunidades de Montes, Concellos, Deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da administración e os distintos colectivos.*

*Ademais por mor dos lumes, deberon ser cortadas a autovía A-52, a nacional 525, a VG-20, a AG-57, a PO- 250 e os túneles de O Folgoso.*

*A veciñanza dos múltiples concellos afectados coinciden en denunciar a falta de medios de extinción coas lapas nas portas das casas e non comprenden como a Xunta cesou no seu contrato a traballadores e traballadoras dos SPDCIF xusto cando as condicións atmosféricas indicaban a proximidade do furacán Ophelia, había unha humidade relativa inferior ao 30 % e as temperaturas superaban os 30 grados. Condicións ideais para que os incendios sexan practicamente incontrolables.*

*Aínda non hai un balance provisional de danos: casas destruídas, coches queimados, maquinaria agrícola destruída, animais domésticos mortos, viñas e diversas plantacións inservibles e decenas de persoas sen emprego.*

*Pero o dano esténdese á paisaxe, ao aire que respiramos, á auga que bebemos, á caza, á pesca, á cultura, á etnografía, ao turismo rural..., unha perda económica, ecolóxica e social*

*Persoas falecidas, familias desaloxadas, innumerábeis lugares afectados polos incendios, moitos deles Espazos naturais protexidos, Parques naturais, Reservas da Biosfera, ecosistemas de gran valor económico e medioambiental calcinados por falta de medios tanto materiais como humanos, e non tivemos máis desgrazas persoais e máis perdas materiais grazas a profesionalidade e a implicación das traballadoras e traballadores que integran os distintos colectivos forestais e a implicación da sociedade civil.*



*As perdas de vidas humanas, os custes económicos, ecolóxicos e sociais que os lumes producen nos nosos montes xeran a indignación da sociedade galega. Esta indignación debe producir unha reacción por parte da Xunta de Galicia, levando a cabo políticas de protección dos espazos e de reordenación do espazo agroforestal galego.*

*O Sindicato Labrego, a Organización Galega de Comunidades de Montes, Frouma, Amigos da Terra e a Federación Ecolóxica Galega abandonaron no mes de xuño o Consello Forestal de Galicia polas continuas prácticas de entorpecemento á súa participación e en concreto pola presentación en rolda de prensa do Plan de Defensa contra incendios (Pladiga 2017), antes de que este fora coñecido polas organizacións que participan no Consello Forestal.*

*Polo exposto, presentamos a seguinte Proposta de acordo:*

*PRIMEIRO.- Trasladar o noso pesar e solidariedade ás familias das persoas falecidas*

*SEGUNDO.- Trasladar o agradecemento e apoio a tódolos profesionais e veciñanza que participaron no operativo de extinción*

*TERCEIRO.- Instar á Xunta a:*

- 1. A cuantificar os danos causados polos incendios en Galicia en 2017 e axilizar as axudas ás persoas e propietarios damnificados*
- 2. Poñer en marcha de xeito urxente plans de restauración e recuperación das zonas afectadas por incendios neste ano 2017 e nos últimos anos.*
- 3. Creación de un grupo de traballo plural, coa participación da parte política, sindical, axentes sociais, equipos de extinción, forzas de seguridade, profesionais académicas e sectores implicados, que afronten de maneira global a situación actual do monte galego. Elaborando plans de ordenación dos cultivos agrarios e forestais, encamiñadas no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión de monocultivos de especies pirófitas. Co fin de acadar un Acordo Nacional Estratéxico de Xestión do Monte Galego*
- 4. Executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais, que centren o seu traballo na transformación de produtos silvícolas e agropecuarios, na conservación de masas forestais e na prevención dos incendios.*
- 5. Establecer un único protocolo de emerxencias a nivel nacional que evite a descoordinación e a dispersión xeográfica de mandos.*
- 6. Reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único (eliminando as brigas municipais), de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en*



*formación como en quipamentos e condicións laborais.*

7. *Democratizar o funcionamento do Consello Forestal Galego e modificar o PLADIGA centrando o mesmo na prevención e non na extinción, garntido a protección dos nucleos poboacionais, parques naturais e as reservas da biosfera.*
8. *- Solicitar ós grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas presupostarias destinadas á prevención dos incendios no monte que sexan suficientes para consolidar unha Estratexia Galega Contra os Incendios.*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Abalo Costa:** cre que o PP é o principal responsable dos incendios por ausencia dunha política forestal.

Esta iniciativa a través dunha moción por parta do PP non vale de nada.

**Sr. Sotelo Villar:** cre que todos están sensibilizados con este problema tan grave polo que non considera que proceda a intervención do Sr. Abalo Costa, máis cando se chegou a un consenso de todos os grupos.

O Sr. Alcalde cre necesario que o Concello de Cangas apoie unánimemente unha moción nun asunto tan grave.

**Ratificación da inclusión na orde do día e declaración de urxencia:** de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do R.d. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello Pleno, por unanimidade, acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

O Sr. Sotelo pide que o Sr. Abalo Costa retire a súa intervención.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

**Dación de conta das resolucións da Alcaldía ditadas desde o 26 de setembro ata o 23 de outubro de 2017**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.



**Concello de Cangas**

O Sr. Sotelo indica que non tiveron acceso á totalidade das resolucións, unicamente á relación de decretos, polo que pide que este asunto quede sobre a mesa.

O Sr. Alcalde indica que no vindeiro pleno se traerán de novo estes decretos para dar conta.

O Sr. Sotelo Villar pide que se solucionen estes problemas coa plataforma electrónica ou se non se lle facilite a documentación en papel.

### **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Sr. Iglesias Santos: pide que se lle entregue unha copia do contrato do PXOM.

Sr. Hermelo Álvarez: indica que se lle remitíu a través de Wettransfer e que el non o descargou, ten o enlace na súa conta de correo de cangas.gal, sinala que se lle remitíu tras o último pleno.

Sr. Sotelo Villar: indica que solicitaron diversa documentación coa sinatura dos oito concelleiros, polo que esixe que se lles entegue, xa que alomenos son 10 pedimentos.

Pide as alegacións que o concello realizou ao plan de transporte. Pide que se lle facilite en papel ou ao seu correo persoal.

Sr. Graña Graña: en relación ao verquido de Aldán, hai algunha novidade ou avance na materia?

Sr. Alcalde: indica que por agora non hai ningunha novidade que corrobórase o que aconteceu. Facilitaralle información cando a reciban.

Sr. Graña Graña: pregunta se a análise a está a facer a empresa adxudicataria.

Sr. Alcalde: di que a adxudicataria encárgase dunha parte, pero a analítica a levan as administracións e por agora non hai resultados.

Sr. Iglesias Santos: pide que se lle facilite o manual de uso do gestiona, xa que non pode ser que reciba un correo e este desapareza.

Sr. Millán Blanco: pide que se lle entregue copia do convenio que se asinou con Emalcsa.

Sr. Alcalde: indica que se lle entregará, en todo caso pide que cando soliciten documentación, se pasen polo departamento municipal correspondente para que lla faciliten.

Sr. Gestido Porto: roga que se pidan explicacións á Xunta de Galicia polo acontecido hoxe na ponte de Rande, unha retención de dúas horas e sen ningún tipo de aviso.

Sr. Alcalde: di que se fará tal pedimento á consellería correspondente.

Sra. Giráldez Santos: pide que se aclare a tramitación das dacións de conta.

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850